



PROCEDEMENTO DE SOLICITUDES PARA A HOMOLOGACIÓN DE PROBAS DE VÓLEI PRAIA Temporada 2024-2025

1.- BASE LEXISLATIVA

Os promotores de eventos deberán coñecer e aceptar a normativa vixente, que inclúe:

- Normas Específicas de Vólei Praia: Campionato Galego Sénior e Campionato Galego de Categorias Inferiores.
- Manual de Organización do Campionato Galego de Vólei Praia Sénior (parte das Normas Específicas de Vólei Praia).
- Regulamento Técnico de Vólei Praia.
- Todos os eventos deberán respectar os protocolos deportivos, técnicos e de seguridade establecidos pola Federación Galega de Voleibol (FGVB).

2.- PROCEDEMENTO DE SOLICITUDES

O promotor deberá enviar á FGVB unha solicitude de homologación da proba, que inclúa os seguintes puntos:

1. Nome do evento.
2. Data de celebración e sede do evento.
3. Datos fiscais do promotor:
 - Nome completo ou entidade.
 - CIF/NIF.
 - Enderezo completo.
 - Teléfono e correo electrónico de contacto.
4. Categorias que se queren homologar:
 - Sénior, Sub-21, Sub-19, Cadete, Infantil, Alevín (indicar claramente as categorías solicitadas).
5. Descrición detallada do evento:
 - Formato de competición: tipo de torneo (eliminatória directa, fase de grupos, dobre eliminación, etc.).
 - Horarios provisionais: datas e franxas horarias para os partidos.
 - Número estimado de participantes e equipos.
 - Infraestruturas e recursos dispoñibles:
 - Número de pistas.
 - Instalacións auxiliares (vestiarios, aseos, zonas de descanso, etc.).
 - Material técnico (redes, balóns homologados, etc.).

6. Base ou regulamento propio do torneo:
 - Declaración explícita de cumprimento dos protocolos da Federación Galega de Voleibol, tanto técnicos coma organizativos .
7. Plan de seguridade e emerxencia:
 - Persoal sanitario dispoñible durante o evento.
 - Medidas de seguridade no recinto.
8. Plan de promoción e comunicación:
 - Estratexia para dar visibilidade ao evento (redes sociais, medios locais, web, etc.).
 - Logotipos e mencións obrigatorias á Federación Galega de Voleibol como entidade oficial.

3.- PRAZOS DE PRESENTACIÓN E RESOLUCIÓN

- A solicitude deberá ser presentada cun mínimo de 15 días de antelación á data de celebración do evento.
- Non se admitirán solicitudes enviadas con máis de 3 meses de antelación.
- Unha vez recibida a solicitude, a FGVB procederá a revisala. Se a documentación está completa, a data quedará reservada, pero non bloqueada, ata a firma do convenio correspondente.
- A FGVB terá un prazo de 5 días hábiles para responder á solicitude:
 - Aceptación: envío do borrador do convenio ao promotor.
 - Revisión ou rexeitamento: xustificación dos motivos e indicacións para posibles correccións.

4.- FIRMA DO CONVENIO E BLOQUEO DA DATA

- Unha vez valorada e aceptada a solicitude, o promotor deberá asinar o convenio oficial remitido pola FGVB.
- Tras a firma do convenio:
 - A data do evento quedará bloqueada no calendario oficial da Federación Galega de Voleibol.
 - O evento pasará a ser considerado proba oficial.
 - Será publicado na páxina web da FGVB e nos seus medios de comunicación oficiais.

5.- OBRIGAS DO PROMOTOR

- Cumprir coas normas técnicas e organizativas da FGVB.

- Garantir o correcto desenvolvemento da competición e respectar as categorías homologadas.
- Presentar un informe final do evento no prazo de 10 días hábiles tras a súa celebración, que deberá incluír:
 - Número de participantes.
 - Resultados oficiais.
 - Valoración xeral do evento.
 - Reportaxe fotográfica e/ou audiovisual, se procede.

6.- RECURSOS E RECOMENDACIÓNS ADICIONAIS

A Federación Galega de Voleibol poderá facilitar aos promotores:

- Asesoramento técnico na planificación e desenvolvemento do evento.
- Acceso a materiais promocionais e logotipos oficiais.
- Publicación e difusión do evento nos seus medios oficiais.
- Arbitraxe oficial homologada a cargo do Comité Técnico Galego de Árbitros, baixo as condicións establecidas.

7.- SANCIÓN E INCUMPRIMENTOS

Calquera incumprimento das bases ou do convenio asinado poderá supoñer:

- A perda da condición de evento oficial.
- A exclusión do promotor de futuras colaboracións coa FGVB.
- Outras medidas conforme á normativa vixente.